

AVISO FITOSANITARIO *Pammene fasciana* e *Cydia splendana*

Os tortricido carpófagos *Pammene fasciana* e *Cydia splendana* causan importantes danos nas colleitas de castaña. As larvas destes insectos entran no ourizo cando aínda está en desenvolvemento alimentándose do interior da castaña.



Pammene fasciana (Tortricido precoz da castaña)



Os adultos emerxen entre os meses de xuño e xullo, tras o apareamento as femias poñen os ovos nas follas próximas a base dos ourizos. Tras a eclosión as larvas comezan alimentándose da folla para despois penetrar no froito e alimentarse de este barrenando o seu interior e expulsando os excrementos para fora. A larva vai cambiando de froito para asegurar o seu crecemento. O rematar o seu crecemento as larvas dirixense ata o tronco ou as ramas onde elaboran un casulo que pasan o inverno. Na primavera seguinte crisalidan para alcanzar o estado adulto.

Cydia splendana (Tortricido tardío da castaña)



Os adultos emerxen entre xullo e setembro e tras o apareamento as femias poñen os ovos na cara superior das follas próximas a base dos ourizos. Tras a eclosión as larvas penetran no froito alimentándose e deixando gran cantidade de excremento no seu interior. O rematar o seu desenvolvemento, o cabo dunhas 3 semanas, as larvas caen ao chan e onde elaboran un casulo sedoso no que pasan o inverno. No mes de xullo crisalidan para alcanzar o estado adulto no verán.

MÉTODOS DE CONTROL

- Captura e seguimento con trampas de feromonas sexuais. A Consellería de Medio rural en colaboración cas cooperativas e asociacións de castiñeiros está levando a cabo durante este mes, a colocación de trampas con feromonas sexuais para a captura de adultos.
- Controis culturais colocando mallas finas para evitar que as larvas se enterren ou eliminando os froitos co manexo de porcos.